

## BENVIDA DO DECANO. JESÚS VÁZQUEZ FORNO.



Teño o pracer de presentarche a Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña (ERLAC), recoñecida como de interés social educativo pola Xunta de Galicia, creada e sostida polas institucións públicas mais representativas da cidade da Coruña (Deputación, Concello, Universidade, Colexio Oficial de Graduados sociais de A Coruña e Ourense)

e co apoio de numerosas organizacións e persoas que colaboran co noso proxecto educativo (empresas, organización sindicais, institucións públicas como as entidades da Seguridade Social, Consello Galego de Relacións Laborais, Mutuas, entidades sin ánimo de lucro, ...).

Dende 1970 somos un centro de referencia en Galicia dos estudos universitarios de relacións laborais e recursos humanos e temos actualmente como obxectivos principais a formación de grado e posgrao ao máis alto nivel, a investigación aplicada e a transferencia de resultados ao noso entorno.

Caracterizámonos por ser un centro dinámico, aberto, plural e flexible que integra no seu profesorado investigadores e docentes de referencia, con ampla experiencia profesional e que actúa cos estudantes como os auténticos protagonistas, polo que a participación e a atención persoal dentro e fóra da aula son esenciais no día a día da Escola.

Somos tamén conscientes que a calidade e a innovación constitúen obxectivos permanente de ERLAC e por iso todo o equipo que represento está moi comprometido con estes aspectos sobre os que a cotío reflexionamos, así como na formación permanente.

Asumimos como valores a dignidade e a igualdade das persoas no traballo, sobre todo dos que teñen máis dificultade, e o modelo sustentable das organizacións mediante adaptación ao cambio, o traballo en rede, a competencia e a innovación, nun mundo cambiante e sen fronteiras como o que nos toca vivir.

Na nosa Web, a través das redes sociais e da revista poderás seguir tódalas novas, e descubrir e participar cando e cómo queiras deste proxecto compartido, que agardo desperte o teu interese e que nos sirva para crecer xuntos.

Saúdos e vémonos na ERLAC.